

CÓLICO GUADI GALEGO

Limpo as miñas lágrimas se penso que esta noite chegarás
Xuro que se tratas de achegarte, de ti me apartarei
Imaxino chakras nos bares onde danzan os chamáns
Enerxía limpa sen impostos que non teña que pagar

Retrouso

Pode que acepte a túa presenza
Como saber onde escapar
Pode que invente un teorema
Para saberte descifrar

Movo as agullas do reloxo que merquei en Portugal
Conto os segundos pra botarte desta casa un día máis
Pode que insista en entenderte sen violencia e aceptar
Que ti te invitaches, que eu non te chamei á miña casa un día máis

Retrouso



Este folleto-catálogo foi impreso pola Imprenta Provincial da Deputación Provincial da Coruña.

ari[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

Promove: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela,
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Organizan: Escola Oficial de Idiomas e Concello de Santiago de Compostela

Patrocinan: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro Cultural Português de Vigo

Colaboran: Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.



aritmar.gal

QUASE DANÇA CLÁUDIA PASCOAL

Finges ser o que nada interessa
Tomas a personagem de uma pessoa certa
Ris do meu normal
Da minha realidade linear

Sofres de riqueza e nada é certo
Pois a certeza que tu tens é igual a zero
Podes falar que não vou ouvir tão cedo

Refrão
Vais sempre fingir gostar de alguém
Gostas tanto ou tão pouco quando te convém
Vamos dançar o vira, enquanto o vira é dança
Mas o samba que tu danças também me cansa

Agora é coitadinho e fui tão injustiça
Mas a injustiça é o que ganhaste à minha custa
Pedes consolo a qualquer uma não interessa ser lusa

Dizes que sou estranha e não sou muito menina
Que ponho muito açúcar na minha cafeína
Mas ao menos não meto conversa com mil Rosas e Carolinas

Refrão

Não sabes o vira mas a gente ensina
Quem pode vem, quem não pode sai de cima!

Sai de cima oh larilolé oh ai
Oh larilolé oh ai oh ai
Oh larilolé oh ai oh ai
Oh larilolé oh ai oh ai

Parou Parou! Não vale a pena! Não vale a pena porque
Ele vai sempre fingir gostar de alguém
Gosta tanto ou tão pouco quando lhe convém
Não vamos dançar o vira, porque o vira já me cansa
Para de dançar, pega na guitarra e apenas canta

A REFLEXIÓN ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL. Árbores no deserto, Galaxia, 2020

Detrás do espello
todas eramos a mesma muller,
núa,
interrogativa,
reclamándolle respostas
á realidade.
Ninguén vai chamar por nós?
Ninguén —silencio—.
Porque sodes a mesma muller sen rostro,
sen nome.
E se nos creamos?
Que cada unha
se debuxe da forma que queira.
E foi así como demos a luz
os nosos lenzos,
soñando pincel,
imaxinando cores,
a grande escala.
Foi así como
comezamos a parimos...
Ata nacer
entre os marcos ceibes
da fantasía feminina.
Así hoxe vexo,
nos seus ollos,
que o teu retrato
son eu.

O VERÃO SABE-ME BEM MÁRCIA As estradas são para ir, Editorial Planeta, 2020

O verão sabe-me bem.
Gosto do calor que entra,
da face quando fica iluminada
gosto de ter luz nos olhos e gosto de ficar parada.
Quando o sono não vem,
e aquelas noites não se arrefecem,
é com o verão que sonho.
Aquieta-me, o quente.
Nem preciso falar.
Basta ficar a olhar
a linha torta dos montes com o calor dos horizontes
para tudo se endireitar.


GALA dos premios da MÚSICA e da POESÍA galego-portuguesas

fado lá do sol remido

si! GUADI GALEGO
CLÁUDIA PASCOAL
ROSALÍA F. RIAL
MÁRCIA
JOSÉ VIALE MOUTINHO

27 de outubro 2021 | 20.30 h
Auditorio da Galicia
Santiago de Compostela





ari[t]mar-ê

galiza e portugal

ari(t)mar galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, que celebra este ano a súa sexta edición, e ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada en Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua dos dous países, no cuadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa Lusofonía.

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla foi feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. Dito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecente do premio especial á embaixada da amizade galego-portuguesa

Palmarés de gañadores de músicas e poesías publicadas en 2019

Músicas gañadoras:

Galiza: Cólíco. **GUADI GALEGO**

Portugal: Quase dança. **CLÁUDIA PASCOAL**

As segundas máis votadas:
Anceios. **XOANA**, Gz.
Outras Línguas. **BÁRBARA TINOCO**, Pt.

As terceiras:
Pasei pola túa porta. **OS D'ABAIXO**, Gz.
A incrível historia de Gabriela de Jesus. **MIGUEL ARAÚJO**, Pt.

Poesías gañadoras:

Galiza: A reflexión. **ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL**

Portugal: O verão sabe-me bem. **MÁRCIA**

As segundas máis votadas:
Dixeches. **FRANCISCO FERNÁNDEZ NAVAL**, Gz.
As letras do teu nome. **ALEXANDRA SANTOS**, Pt.

As terceiras:
#love. **ARANCHA NOGUEIRA**, Gz.
Foz. **SAMUEL PIMENTA**, Pt.

Premio especial do xurado á embaixada da amizade galego-lusófona: **JOSÉ VIALE MOUTINHO**



GUADI GALEGO

Guadi Galego (Cedeira, GZ, 1974) é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual. En 1997 entra a formar parte de Berro-güetto como vocalista, pianista e gaiteira. Naquel momento, Guadi xa comezaba a experimentar con diversas sonoridades en formacións como o seu proxecto máis íntimo e persoal, Espido (con Guillermo Fernández) ou Nordestin@s (con Abe Rábade e Ugia Pedreira).

En 2009 sae á luz Benzón, álbum aclamado pola crítica galega e española co que inicia a súa carreira en solitario, sen deixar de participar noutros proxectos.

En 2012 únese aos músicos Xabier Díaz, Guillermo Fernández e Xosé Lois Romero para formar o grupo aCadaCanto. Con eles edita un disco homónimo, e outro en 2013, A rosa d'Adina. Reciben ese ano o Premio Martín Códax da Música na categoría de Canción de Autor.

En 2014 publica o seu segundo traballo en solitario, Lúas de outubro e agosto, e en 2016 (ano no que acadou o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista na categoría de Canción de Autor), sae o terceiro, O mundo está parado.

En 2015 recibe o Premio da Crítica Galicia na categoría de Música. En outubro de 2019 publica Immersion, un traballo no que reinterpreta temas dos seus tres discos anteriores cantados en sete linguas peninsulares: galego, catalá, castellano, asturiano, aranés, euskera e portugués, coas colaboracións de numerosos artistas. Foi galardoada co Premio á Promoción da Realidade Plurilingüe do Estado 2020. Este ano volve recibir o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista na categoría de Indie/Pop e sae ao mercado e as redes o seu 5º disco en solitario, Costuras. (adaptado de guadigalego.eu)



MARCIA


Marcia (Lisboa, 1982) é seguramente un dos talentos maiores da composición en lingua portuguesa.

Os seus discos atestam iso mesmo. Início com o EP "A Pele que Há em Mim", seguiu-se "Dá", "Casulo", "Quarto Crescente" e "Vai e Vem", editado em 2018.

Este último registo é precisamente o mais recente trabalho da viagem da compositora de excelência, que inclusive já escreveu para outros artistas como Ana Moura, António Zambujo e Sérgio Godinho, entre outros.

Autora de temas intemporais como "A Insatisfação", "Cabra Cega" e "Tempestade" apresenta em 2019 um espectáculo impactante em que as suas canções são pautadas por uma narrativa de vídeo e luz muito personalizada. (fonte: marcia.pt)

As estradas são para ir (2020) é o seu primeiro livro de poemas.



CLÁUDIA PASCOAL


Cláudia Pascoal (Gondomar, PT, 1994) é uma cantora/compositora portuguesa, de São Pedro da Cova, Gondomar. Nos últimos anos, despontou no meio musical e televisivo nacionais através de participações em concursos musicais. Ficou, especialmente, conhecida por ter representado Portugal na Eurovisão em 2018, com o tema "O Jardim" (Isaura).

Em março de 2019 edita o seu primeiro single "Ter e não ter", estreando-se a compor. Este seria a primeira amostra de "!", o álbum de estreia de Cláudia Pascoal. A produção do disco ficou a cargo de Tiago Bettencourt.

Em comunicado, a cantora afirma ter como desejo "fazer algo diferente" com este primeiro álbum: "Quero criar um ambiente novo, mas para todos. Este é o meu desejo".

De "!" ficaram ainda conhecidos os singles "Viver", em dueto com Samuel Úria, "Espalha Brasas", "Quase Dança" e "Tanto Faz". "Quase Dança" contou com a ajuda da família de Cláudia Pascoal num vídeo brilhante, realizado pela própria. É esta a música vencedora.

Cláudia Pascoal foi, recentemente, a "Artista Revelação" nos Prémios Play – Prémios da Música Portuguesa.



JOSÉ VIALE MOUTINHO

José Viale Moutinho (Funchal, Madeira, 1945) é un escritor e xornalista portugués. Licenciado en Historia, alén dos seus méritos como xornalista en medios como o Jornal de Notícias, o República ou o Diário de Notícias, José Viale Moutinho é narrador, poeta, dramaturgo e ensaísta, con obra traducida a varios idiomas, tamén ao galego. Está tamén moi ligado ao Festival da Poesía no Condado desde o seu inicio en 1981, organizado pola Sociedade Deportiva do Condado (SDC) con Sede en Salvaterra do Miño. Como director da Associação Portuguesa de Escritores, da Associação de Jornalistas e Homens de Letras do Porto e do Teatro Experimental do Porto posibilitou a visibilidade da literatura galega en Portugal, e a el se debe a presenza da escritora Xela Arias, de Mantecón e da directiva da SDC para presentar o Festival da Poesía no Condado ao mundo lusófono.



ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

Rosalía Fernández Rial (Carballo-Muxía, 1988). Doutora en Filoloxía (USC) e estudos de música coa especialidade de acordeón no Conservatorio de Carballo.

Como creadora, en especial de poesía, Rosalía rexenérase en cada un dos seus libros, entre os que destacan: En clave de sol (2009), Átonos (2011), Vinte en escena (2012), Un mar de sensacións (2012), Ningún amante sabe conducir (2014), Contra-acción (2016) ou Sacar a bailar (2016). Títulos que cos que se metamorfosea en presentacións performánticas e musicais e que tamén foron levadas ao ámbito audiovisual.

Aulas sen paredes (libro-DVD, 2016) é a súa obra de ensaio máis relevante e inclúe un documental audiovisual coa intervención didáctica na que usa a expresión dramática e teatral como ferramentas pedagóxicas para o ensino e aprendizaxe de linguas. Premio á mellor iniciativa bibliográfica na Gala do Libro Galego 2017.

Como narradora publicou Bonus track (Ed. Galaxia, 2018), libro de relatos curtos tecidos con letras de cancións coñecidas. Na mesma editorial publica o seu último poemario, Árbores no deserto, traballo escrito desde códigos propios das artes vivas e as artes plásticas contemporáneas.

No xénero dramático, destaca a escrita de "A lúa, válvula de spray", ficción sonora a través das rúas de Carballo).

Unha vez personificada, Rosalía pasa da grafía á acción e actualmente está a desenvolver diversos proxectos nos que fusiona, evolucionadas, as dimensións literaria, corporal, escénica e experimental. Amálgama que lle permite aliar os seus seres baixo a sólida existencia dunha peza artística; única identidade importante. (adaptado de rosaliafernandezrial.com)